

# ***Perdóolle o mal que me fai polo ben que me sabe. Unha aproximación aos campos semánticos da comida e da bebida na fraseoloxía galega***

***'Perdóolle o mal que me fai polo ben que me sabe'. An approximation to the semantic fields of food and beverages in Galician phraseology***

Ramón Anxo Martíns Seixo  
Escola Oficial de Idiomas de Vigo

Resumo: Neste traballo recóllense, ordénanse e explícanse 190 unidades fraseolóxicas (e mais algunhas variantes) dos campos semánticos da comida e da bebida.

Palabras chave: fraseoloxía galega, campos semánticos da comida e a bebida, traballo de campo.

*Abstract: 190 phraseological units related to the semantic fields of food and beverages have been compiled, sorted and explained in this study (including some variants.)*

*Key words: Galician phraseology, semantic fields of food and beverages, fieldwork.*

## **1. Introducción**

Presento neste traballo un conxunto de unidades fraseolóxicas dos campos semánticos da comida e da bebida. A información procede do proxecto de dicionario temático en que traballo desde o ano 2000 e que ten como base unha recolla publicada en forma de dicionario nese mesmo ano. Como xa indicaba nesa publicación<sup>1</sup>, as expresións foron recollidas da fala actual por moitas persoas. Desta feita, no entanto, e para lle dar maior utilidade, completo a nosa información con outras recollas, as máis delas recentes. Son as obras de que dou conta na bibliografía do final.

---

Data de recepción 11.9.2013. Data de aceptación 29.9.2013.

<sup>1</sup> MARTÍNEZ SEIXO, Ramón Anxo (dir.) (2000): *Dicionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo*. Vigo: A Nosa Terra.

Os tipos de unidades fraseolóxicas que inclúo son, por unha parte, locucións (substantivas, adxectivas, verbais e adverbais) e, por outra, enunciados fraseolóxicos. Deste segundo tipo só inclúo fórmulas.

A parte principal do traballo (**2. Campo semántico da comida e da bebida**) está dividida en dúas grandes alíneas encabezadas polos conceptos chave (en maiúsculas e letra grosa): **2.1. COMER, COMIDA** e **2.2. BEBER, BEBIDA, EMBRIAGUEZ**. Cada unha destas dúas divisións á súa vez consta de varios subcampos. A primeira ten os seguintes: 2.1.1. Alimentos de calidade; 2.1.2. Apetecer, apetito, fame; 2.1.3. Atragoarse, facer mal, sentar mal; 2.1.4. Bo comedor; 2.1.5. Comer, comida; 2.1.6. Comer ás présas, comer con maos modos; 2.1.7. Comer en casa allea; 2.1.8. Comer moito; 2.1.9. Comer pouco, mao comedor; 2.1.10. Escaseza; 2.1.11. Fartura; 2.1.12. Moderación, moderarse; 2.1.13 Non querer e 2.1.14. Saber ou non saber a comida, prestar. A segunda contén: 2.2.1. Beber, bebida, sede; 2.2.2. Beber moito; 2.2.3. Brindar, brinde, celebración; 2.2.4. Embriagar(se), embriaguez; 2.2.5. Síntomas e efectos da embriaguez.

En cada subcampo ou alínea, precedida dun número (como en 2.1.8. Comer moito), aparecen as diferentes unidades fraseolóxicas que polo seu significado se relacionan con el. O lema da unidade fraseolóxica (UF) vai en letra grosa e precedido dun número<sup>2</sup>. (As variantes, se as hai, van separadas por unha barra inclinada). Séguelle a indicación de frecuencia de uso. Na liña seguinte indícase en abreviatura o tipo de fraseoloxismo, o nivel de uso (só coloquial ou normal) e a actitude do falante (só humorístico e pexorativo). A seguir aparece a definición ou, entre corchetes, unha explicación do seu uso e, en letra cursiva, un ou varios exemplos<sup>3</sup>. As acepcións van numeradas en letra grosa. Ás veces inclúo unha nota ao final para explicar algo relativo á posíbel orixe ou ao significado dalgunha palabra.

Indico aquelas unidades que me parecen algo correntes ou correntes por medio dun asterisco (\*), no primeiro caso, ou por dous (\*\*), no segundo. Enténdese que os que non levan ningunha destas dúas indicacións son menos correntes ou mesmo de uso restrinxido. De todas as maneiras, debo esclarecer que, aínda que ás veces procurei contrastar nos cörpera informatizados (TILGA ou CORGA), ou mesmo en internet, a información ao respecto, trátase dunha apreciación baseada na experiencia persoal e a intuición e por tanto revisábel.

Cando un fraseoloxismo aparece en dous subcampos, dun deles remítese (mediante o símbolo >) a aquel en que está o artigo completo. Así, desde *andar/ser* [u.p.] *coma o porquiño de santo Antón* \*\* 2, que está no subcampo 2.1.4. Bo comedor, remítese á UF co número 62, onde se explica.

Noutros casos, como en *saber que mete medo*, a remisión é unha axuda para localizar o que considero o lema propiamente dito (*saber que mete medo* \*\* > *que mete medo* > 134).

<sup>2</sup> Este número, que precede a cada unha das 191 unidades fraseolóxicas e as súas variantes, permite, alén dunha rápida localización desde unha remisión ou desde o índice alfabético, coñecer as variantes, os lugares en que foron recollidas e as persoas que as recolleron.

<sup>3</sup> Ás veces, despois do exemplo de uso aparece un número entre parénteses que se refire á persoa colaboradora que o redactou (ver parte 3.1. Claves dos colaboradores e informantes).

No final de cada entrada aparece a forma en que realmente se recolleu ese fraseoloxismo e a seguir (e entre parénteses), un número que indica a persoa que o recolleu (estes números desenvólvense en 3.1.) e unha clave en letras que indica en que lugar ou obra se recolleu ese fraseoloxismo (estas claves desenvólvense en 3.2.).

Como queda dito, na epígrafe 3 (**Procedencia das expresións**) indico as persoas colaboradoras ou os informantes que recolleron as expresións (3.1.), os concellos ou as comarcas de onde proceden (3.2.).

Na epígrafe 4 (**Índice alfabético de unidades fraseolóxicas**) ofrezco unha lista ordenada de todos os fraseoloxismos cun número que remite ao corpo do traballo (epígrafe 2) e permite así localizar rapidamente esa UF coa súa explicación e cos outros datos que lle porteñen.

Debo dicir que non inclúo locucións relacionadas coa maneira de preparar os alimentos como *a cachón, a lume forte, a pouco lume, á prancha, a remollo, ao natural* etc. Tampouco locucións relacionadas coa cantidade nin co modo, que se poderían usar con verbos como “comer” ou “beber”: *a embute, a esgalla, a gulapos, a rego cheo, a rodar, a rodos, en exceso, de chope, dun grolo* etc. Fago excepción con *a barriga-ten-man* e *a cugulo*, que teñen unha relación máis exclusiva co campo que nos ocupa.

Das expresións que se refiren ao SABOR, que poderían formar un campo en por si, inclúo só unidades relacionadas con “saber ben” mais non do tipo das que significan ‘moi acedo’, ‘moi amargo’, ‘moi doce’, ‘moi salgado’ etc., como: *(acedo) coma rabo de gato, (amargo) coma as xestas, (doce) coma a fava do mel, salgado coma a pilla* e as correspondentes máis *acedo ca o rabo do gato, máis amargo ca as xestas* etc.

Das unidades que teñen máis dunha acepción inclúo só a acepción relacionada co campo que nos atinxe. Son os seguintes casos: *aos los, arder nun candil, coma un reloxo, comer máis cos ollos ca coa boca, comeren/pediren máis os ollos ca a boca [a alguén], encher a barriga, facer eses, (fino) coma a la de gato, meter o dente [a algo], (mollado) coma a lama / máis mollado ca a lama, morrer coa fame / morrer de fame, na trenla, non chegar a un dente [a alguén] / non chegar (nin) á moa do cabo [a alguén] / non chegar (nin) para tapar o buraco dun dente [a alguén], pozo sen fondo / (que che/lle... faga) bo proveito / roupa de dentro / subir á cabeza [a alguén] / tirar a barriga de mao ano e vivir do aire.*

Outras unidades poden usarse referidas a diferentes cousas e non só teñen que ver cos diferentes subcampos en que as presento. Son: *afiar os dentes, caer o ollo [a alguén por algo] / caeren os ollos [a alguén por algo], de sete estalos, facer boca, facer papo [a alguén], facerse [a alguén] auga na boca / virse [a alguén] a auga á boca, para quen non quere hai de máis / para quen non quere teño eu moito, que mete medo, que non sei, que rabia*, e, posibelmente, outros casos que aquí non consigno.

Xa para terminar, e desde a certeza de que ficaron fóra deste traballo unha chea de expresións que deberían estar nel, quixera agradecer a todos os meus colaboradores e informantes a súa xenerosidade e a súa axuda, sen as que, xaora, este traballo sería ben diferente.

## 2. Campo semántico da comida e da bebida

### Abreviaturas e símbolos

**COL.** = coloquial.

**comp.** = expresión comparativa.

**fórm.** = fórmula.

**l.adv.** = locución adverbial.

**l.adx.** = locución adxectiva.

**l.s.** = locución substantiva.

**l.v.** = locución verbal.

**PEX.** = pexorativo.

**HUM.** = humorístico.

**[u.c.]** = unha cousa (suxeito de cousa)

**[u.p.]** = unha persoa (suxeito de persoa)

**\*\*** = unidade fraseolóxica corrente

**\*** = unidade fraseolóxica algo corrente

**>** = remite a onde aparece a explicación.

### 2.1. COMER, COMIDA

#### 2.1.1. ALIMENTOS DE CALIDADE

1. **arder** [u.c.] **nun candil** \* l.v. COL.

Ser [u.c.] de calidade, boa, eficaz. [Aplicase sobre todo ao viño, a licores ou a comidas]. *O viño que tes este ano éche moi bo, arde nun candil | Aquel cocido do domingo ardiache nun candil, a ver cando comemos outro igual. arder nun candil*: Sdo 1. Dito do viño con forza, de boa calidade (2-A, 54-Ban, 54-Cab, 15-Ce, 101-For, 13-Mos, 24-N, 16-R, 22-V, 8-Vi) // de cousas (2-A, 15-Ce, 101-For, 24-N, 16-R, 42-). Sdo 2. Da muller de moi boa presenza (24-N, 8-Vi) // Do home de boa presenza (24-N) // Da persoa intelixente (38-Can).

2. **de a rente á parede / de contra a parede** l.adx. COL. 1. Moi bo, especial [Dise do viño].

*Este amigo de noso, cada vez que o imos visitar sácanos un par de botellas de viño de a rente á parede. 2. Moi bo, especial. [Dise de cousas de comer]. Tirade que este queixo non vos é calquera cousa, é de contra a parede. Sdo 1: de a rente a parede (18-Vi), de contra a parede (2-A). Sdo 2: de contra a parede (2-A).*

3. **de sete estalos** \*l.adx. COL. Moi bo, excelente, especial.

*A min, se me queres convidar a beber, non me deas desa purrela que tes na pipa, dáme daquelas botelliñas que tes acolá. Esas si que son de sete estalos. de sete*

*estalos (101-For, 65-La), de sete estalos (2-A), de tres estalos (29-).*

#### 2.1.2. APETECER, APETITO, FAME

4. **afiar** [u.p.] **os dentes** l.v. COL.

Disporse para gozar de algo moi desexado, en especial algo de comer. *Carlos non deixa de afiar os dentes pensando no casamento de mañá do primo. afiar os dentes (107-Gd), afila-los dentes (75-V).*

5. **andar un rato na barriga** [a alguén] l.v. COL.

Comezar a ter fame. *Vamos para a casa xantar, que xa me anda un rato na barriga. andar un rato na barriga (89-Ban).*

6. **caer o ollo** [a alguén por algo] \* / **caeren os ollos** [a alguén por algo] \*l.v.

COL. Ollar [u.p.] con desexo [algo], agoar, devecer [por algo]. *Caíanlle os ollos vendo comer ao seu avó as sopas de cabalo cansado | Deixa o réxime por un día, que che están caendo os ollos por ese pastel | Cada vez que te pos a comer nas galletas á túa cadela cáelle o ollo. caí-lo ollo (164-Oa, 75-V, 162-V), caíren os ollos (101-For).*

7. **coa barriga en van** l.adx. COL. Con fame, sen comer.

[Úsase con verbos como *andar, durmir, estar, ir...*]. *Fun para a cama coa barriga en van e non daba adormecido. coa barriga en van (86-AN).*

8. **comer** [u.p.] **a Deus polas pernas** \* / **comer** [u.p.] **a Deus por unha pata**. *l.v.* COL. Ter moita fame; comer moito. *Cando cheguei da viaxe viña esfameado, comía a Deus polas pernas. comer a Dios polas pernas* (3-V, 133-V), *comer a Deus por unha pata* (107-Gd).
9. **comer** [u.p.] **cos ollos** \*\*. *l.v.* COL. Apeteceren os alimentos se teñen bo aspecto, comer guiándose da aparencia. *Esmérome moito na presentación da comida porque sei que os meus fillos comen moito cos ollos e son capaces de deixar todo no prato se non ten bo aspecto. comer polos ollos* (2-A, 89-T), *comer cos ollos* (75-V, RAG97).
10. **comer** [u.p.] **máis cos ollos ca coa boca** \*\*. *l.v.* COL. Pensar que vai comer máis do que realmente consegue comer. —*Que ben, voume pôr coma un abade. —Paréceme a min que ti comes máis cos ollos ca coa boca. comer máis cos ollos ca/que coa boca* (2-A, 10-C, 75-V) / (77-Mañ, 77-Ort =ser moi comellón).
11. **comer** [u.p.] **os cravos ardendo**. *l.v.* COL. Ter tanta fame que lle serve calquera cousa para comer. —*Agora que me acordo, non lle botei sal ao caldo! —Non te preocupes, eses están tan fementos que comerían os cravos ardendo. come-los cravos ardendo* (10-Me).
12. **comeren/pediren máis os ollos ca a boca** [a alguén] \*. *l.v.* COL. Non ter [u.p.] medida do que realmente pode comer, non saber calcular o apetito. *Come primeiro iso que tes no prato, que sempre che pasa igual, pídenche máis os ollos ca a boca*. Sdo 1: *comérenlle máis os ollos cá boca* (65-La, 178-Pi, 3-V); Sdos 1 e 2: *pediren máis os ollos cá boca* (10-Me).
13. **facer** [u.c.] **papo** [a alguén]. *l.v.* COL. Apetecer, contentar, agradar, satisfacer [a alguén] [algo: unha comida, un agasallo etc.]. [Úsase moito en construcións negativas]. *Comiches pouco arroz. Parece que non che fai moito papo. non facer (faer?) papo* (54-Ban).
14. **facerse** [a alguén] **auga na boca** \*\* / **virse** [a alguén] **a auga á boca** \*\*. *l.v.* COL. Experimentar un forte desexo, nomeadamente cando se trata de cousas de comer. *Só de pensar nesa comida vénsese a auga á boca. facerse auga na boca a alguén* (182-PR, RAG97), *virse a auga á boca a alguén* (RAG97).
15. **fame de can** \*. *l.s.* COL. Fame grande. *Cheguei á casa cunha fame de can, mais non había nada e tiveron que saír a comprar. fame de can* (68-Can).
16. **ir** [u.p.] **co xugo para o forno**. *l.v.* COL. Comer sen esperar por ninguén [por ter moita fame]. *Cando chego do traballo veño con tanta fame que xa vou co xugo pró forno* (212). *ir co xugo pró forno* (212-D).
17. **ir** [u.p.] **coma o rato ao mollo**. *l.v.* COL. Non poder resistir o desexo de comer ou beber un alimento determinado [xeralmente a deshora]. *Eu non podo ter chocolate na casa, porque cando o teño, sempre vou coma o rato ao mollo. ir coma o rato ao mollo* (101-For).
18. **ladrar o estómago** [a alguén]. *l.v.* COL. Ter fame. *Non almorzara nin xantara e ladráballe o estómago despois de tantas horas en xebre. ladrarlo estómago* (237-).
19. **morrer** [u.p.] **coa fame** \*\* / **morrer** [u.p.] **de fame** \*\*. *l.v.* COL. 1. Ter moita gana de comer. *Morro coa fame. Imos entrar no primeiro bar que vexamos e pedir algo*. 2. Estar moi mal alimentada. *Son moi pobres e, a pesar das axudas da veciñanza, morren de fame. morrer coa fame, morrer de fame* (RAG97).
20. **pasar** [u.p.] **leste**. *l.v.* COL. Pasar fame. *Nesa época aquí pasouse moito leste. pasar leste* (237-).

21. **querer o corpo** [algo a alguén]. *l.v.* COL. Apetecer [a alguén comer ou beber algo]. *Os xurelos non chos como, que hoxe parece que non mos quere o corpo. non lle querer o corpo algo a alguén* (8-Vi).
22. **Queres comer? Vai a Peinador.** *fórm.* COL. [Diselle a quen insiste en que quere comer e a comida non está pronta ou non hai que comer]. –*A ver, que teño moita fame! Quero comer! – Queres comer? Vai a Peinador.* [Nota: Parece que esta expresión provén de cando se construíu o aeroporto de Peinador, en Vigo, con prestación obrigatoria do traballo dos veciños, que tiñan que levalo todo: ferramenta e comida (CQFC)]. *queres comer? Vai a Peinador* (237-V).
23. **Sorbe, Casilda, que é caldo de voda!** *fórm.* COL. HUM. [Dise a quen está a comer con moita ansia]. *Sorbe, Casilda, que é caldo de voda! Calquera diría que non comes todos os días! Arre demo! sorbe, Casilda, que é caldo de voda!* (16-TC).
24. **ter** [u.p.] **a barriga en van.** *l.v.* COL. Ter fame; estar sen comer. *Tráenos algo de comer, que temos a barriga en van desde a mañanciña. te-la barriga en van* (86-AN).
25. **ter** [u.p.] **a fame do corenta e un.** *l.v.* COL. Ter moita fame. [Úsase a miúdo na construción *parece/parecía que ter* [u.p.] *a fame do corenta e un*]. *Manda forza!, hoxe parece que tes a fame do corenta e un. Como papas!* [Nota: Esta expresión alude a 1941 e 1942, que foron anos de fame en España como consecuencia da posguerra franquista (CQFC)]. *parece que ten a fame do 41* (237-Mos).
26. **ter** [u.p.] **a lingua na boca.** *l.v.* COL. Ter apetito. *Imos cear, que ti xa tes a lingua na boca. te-la lingua na boca* (101-For).
27. **ter** [u.p.] **un buraco na barriga \*** / **ter** [u.p.] **un buraco no estómago \***. *l.v.* COL. Ter fame. *Vamos para a casa xantar, que teño un buraco no estómago. ter un burato na barriga* (240-Ber), *ter un buraco no estómago* (102-Cel).
28. **ter/traer** [u.p.] **a fouce picada.** *l.v.* COL. Ter moita fame. *Ponme logo a xanta, que traio a fouce picada!* [Nota: En sentido recto, “picar a fouce”, ou outra ferramenta cortante, é o mesmo ca cravuñala, isto é, aguzar o seu gume batendo nel coa picadeira (martelo para cravuñar) sobre unha zafra. Por tanto, se a fouce está picada, corta ben]. *ter/traer a fouce picada* (97-Mr), *traer a fouce munda* (240-Ber).
29. **ter/traer** [u.p.] **o muíño picado.** *l.v.* COL. Ter moita fame. *Deberías facer coma o teu curmán. Dá gusto velo comer. Ese si que ten o muíño picado.* [Nota: En sentido recto, “picar o muíño” é golpear a moa do muíño (cando está lisa) coa pica, o pico ou un instrumento semellante, para lle producir asperezas e que moia ben. Daquela, cando o muíño está picado, moe ben]. *ter o muíño picado* (2-A).

### 2.1.3. ATRAGOARSE, FACER MAL, SENTAR MAL.

30. **ir** [u.c.] **pola gorxa pequena** [a alguén]. *l.v.* COL. Obstruírse a gorxa [a alguén, con algo que comeu ou bebeu]. *Foille pola gorxa pequena, mais tusiu e xa lle baixou o cacho de repolo co que se torgou. ir pola gorxa pequena* (149-Od).
31. **ir** [u.c.] **polo camiño vello** [a alguén]. *l.v.* COL. Obstruírse a gorxa [a alguén, con algo que comeu ou bebeu]. –*Que*

*che pasou? –Foime polo camiño vello. ir polo camiño vello (140-V).*

32. **perdoar** [u.p.] **o mal que facer** [u.c. a alguén] **polo ben que saber** [u.c. a alguén] \*\*. *l.v. COL. [Dise cando comemos ou bebemos algo de que custamos moito inda que saibamos que non nos fai ben]. –Non comas tanto chocolate, que che van saír grans na cara. –Éme igual. Perdóolle o mal que me fai polo ben que me sabe | Na televisión sempre andan a dicir que non se debía abusar desas bebidas, que son moi más para a saúde, mais a xente non o fai por moito que se diga iso, perdóanlle o mal que lles fai polo ben que lles sabe. perdoas o mal que che fai polo ben que che sabe (10-C), perdónolle o mal que me fai polo ben que me sabe (148-Cot, 19-G, 169-Og), perdóoche o mal que me fas polo ben que me sabes (55-Ab, 55-Viv), perdóolle o mal que me fai polo ben que me sabe (70-Cel).*
33. **ter/traer** [u.p.] **o forno quente**. *l.v. COL. Ter unha dixestión pesada ou sentir molestias despois de comer moito. Tes sede? Ou é que tes o forno quente? ter/traer o forno quente (104-Mer).*

#### 2.1.4. BO COMEDOR

**andar/ser** [u.p.] **coma o porquiño de santo Antón** \*\* 2 > 62

34. **bo dente** \*\*. *l.s. COL. Pouca esixencia coa comida e bo apetito. [Úsase xeralmente co verbo *ter* e na construción *de bo dente*]. *Para ir alí é indispensábel ter bo dente. | Non creo que chegue esa comida, que nesta casa somos todos de bo dente. | Para iso é preciso bo dente. ser de bo dente (2-A, 86-AN, 67-Fo, 174-Pq, 38-V, 126-Ve, RAG97), ter bo dente (40-SC).**
35. **bo peteiro**. *l.s. COL. Pouca esixencia coa comida e bo apetito. [Úsase xeralmente co verbo *ter* e na construción “de bo peteiro”]. *Que bo**

*peteiro tes! | É de bo peteiro, come de todo. | Fai falta bo peteiro para comer iso. éche de bo peteiro (RAG97).*

36. **boa boca** \*\*. *l.s. COL. Pouca esixencia coa comida e bo apetito. [Úsase xeralmente co verbo *ter* e na construción *de boa boca*]. *Ten boa boca. | Xa vexo que sodes de boa boca. | Para iso cómpre boa boca. ser de boa boca (86-AN, 23-V).**
37. **do fociño redondo**. *l.adx. COL. Bo comedor. É un cagabicho mais cómeche ben, é do fociño redondo. ser do fociño redondo (86-AN).*

#### 2.1.5. COMER, COMIDA

38. **a cortesía do galego**. *l.s. [Nunha comida onde hai varias persoas] a(s) última(s) porción(s) ou a(s) última(s) unidade(s) dalgún alimento que fica(n) na prata e ninguén colle. *Que? Deixades a cortesía do galego? a cortesía do galego (38-Can), deixar a cortesía do galego no prato (107-Gd).**
39. **a mantidas \* / a mantido \***. *l.adv. Con dereito ás comidas [traballando para alguén por un salario]. *Vou deixar as terras de monte porque eu xa non pododo traballar e agora non hai a quen chamar, nin sequera pagándolle ben e a mantido. a mantido (2-A, 54-Ban, 38-Can, 65-La, RAG97), a mantidas (107-Gd, 123-Ve, RAG97).**
40. **a molladas**. *l.adv. Con dereito ás comidas [traballando para alguén por un salario]. *El sempre vai traballar a molladas. a molladas (123-Ve).**
41. **a vergonza do galego** \*\*. *l.s. [Nunha comida onde hai varias persoas] a(s) última(s) porción(s) ou a(s) última(s) unidade(s) dalgún alimento que fica(n) na prata e ninguén colle. *Collede eses pasteis, non deixades a vergonza do galego. a vergonza do galego (38-V).**

42. **botar** [u.p.] **para abaixo**. *l.v.* COL. Comer. *A xente botaba pra abaixo canto podía, parecía que viñan esfameados. botar pra abaixo* (38-Can).
43. **caldo de tatáns**. *l.s.* COL. Caldo pobre. *No restaurante puxéronnos un caldo de tatáns que non tiña traza. caldo de tatáns* (163-Mz).
44. **Chalanas ao mar / Chalanas no mar**. *fórm.* COL. [Dise cando se meten anacos de pan na pota para os mollar no mollo]. –*Como me sabe este mollo! –Chalanas ao mar! chalanas no/ao mar* (163-Mz).
45. **comer** [u.p.] **calado coma os curas**. *l.v.* COL. Comer en silencio, sen falar. *Non dá un chíó, el sempre come calado coma os curas. comer calado coma os curas* (241-Cdo).
46. **comer** [u.p. (en) algo] **coma o porco no trevo**. *l.v.* COL. Comer con fruición. *Cando a había, comía na lamprea coma o porco no trevo. Para el era un auténtico manxar. comer coma o porco no trevo* (238-Mz).
47. **comer** [u.p. (en) algo] **coma unha vaca na ferrán**. *l.v.* COL. Comer mastigando moito o que ten na boca, lembrando o remoer da vaca. *Comía sempre coma unha vaca na ferrán. comer coma unha vaca na ferrán* (238-Mz).
48. **dar** [u.p.] **ao dente** \*\*. *l.v.* COL. Comer. *Eses non fan máis que lle dar ao dente, así están coma marouzas. darlle ao dente* (corrente).
49. **deixar** [u.p.] **o endego**. *l.v.* COL. [Dise cando se deixa algo no prato]. *Inda deixas aí o endego? A ver, ho, acaba iso.* [Nota: O *endego* é un ovo que se lles deixa de sinal ás pitas para que poñan alí os ovos]. *deixar o endego* (174-Pq).
50. **facer** [u.p.] **boca** \*. *l.v.* Tomar algún petisco como aperitivo para acompañar a bebida ou para estimular o apetito. *Para facermos boca imos tomar uns liscos deste pernil e uns anacos dese delicioso queixo. facer boca* (38-For).
51. **haber pata con allo**. *l.v.* COL. Celebrarse algo cunha comida ou cun banquete. *Mañá na casa do Paulo hache de haber pata con allo; celébrase o día dos anos do seu avó* (101). *haber pata con allo* (101-For).
- matar** [u.p.] **o bicho** 2 > 143
52. **meter** [u.p.] **ao cinto** [algo]. *l.v.* COL. Comer e (ou) beber [algo]. [Xeralmente en moita cantidade]. *Metinlle ao cinto unha cunca de caldo* (101). *meter ao cinto algo* (101-For).
53. **meter** [u.p.] **o dente** [a algo] \*. *l.v.* COL. Comer; comezar a comer [algo]. *Preparabámonos para lles meter o dente a aquelas suculentas viandas. mete-lo dente* (16-?).
54. **o requisito do galego**. *l.s.* [Nunha comida onde hai varias persoas] a(s) última(s) porción(s) ou a(s) última(s) unidade(s) dalgún alimento que fica(n) na prata e ninguén colle. *Come iso, non deixes o requisito do galego. o requisito do galego* (237-S).
55. **roupa de dentro**. *l.s.* COL. Alimentos, comida. (Ás veces tamén bebida). – *Non me encontro ben. –Ti o que tes que facer é pór máis roupa de dentro. Deixa de beber auga e toma un pouco de viño coa comida. roupa de adentro* (124-).
56. **roupa vella** \*. *l.s.* Comida en que se utilizan para a súa elaboración restos doutras. *Esta noite vou facer roupa vella con eses restos que ficaron do xantar. roupa vella* (38-For, 1-M, 38-V).
57. **sopas de burro cansado** \* / **sopas de cabalo cansado** \*. *l.s.* Pan mollado en viño (xeralmente tinto). *Apetécenche unhas sopas de cabalo cansado? sopas*



*de cabalo cansado (38-V), sopas de burro cansado (75-V), sopas de burro canso (107-Gd).*

58. **ter** [u.p.] **a que botar a man.** *l.v.* COL. Ter que comer. *Non me estraña que estea tan delgado, non ten a que botar a man. ter a que botar man (2-A), ter a que botar mao (65-La).*

### 2.1.6. COMER ÁS PRÉSAS, COMER CON MAOS MODOS

59. **comer** [u.p.] **coma un cocho/porco** \*. *l.v.* COL. PEX. Ter maos modos comendo. *Que modos son eses de comer! Comes coma un porco! comer coma un cocho (240-Ber), comer coma un porco (107-Gd).*
60. **comer** [u.p.] **coma unha gaivota.** *l.v.* COL. Comer ás présas, engulir a comida. *Así, comendo coma unha gaivota sempre, é lóxico que che sente mal: tes que comer amodo. comer como unha gavota (125-CM).*
61. **comer** [u.p.] **coma unha perdiz nunha leira de pan.** *l.v.* COL. 1. Comer con ansiedade. *Parece que lle vai escapar a comida, come coma unha perdiz nunha leira de pan! comer coma unha perdiz nunha leira de pan (107-Gd).*

### 2.1.7. COMER EN CASA ALLEA

62. **andar/ser** [u.p.] **coma o porquiño de santo Antón** \*\*. *l.v.* COL. 1. [Dise de quen come a miúdo en casas alleas]. *Anda coma o porquiño de santo Antón, sempre a comer á custa dos máis.* 2. [Dise de quen nada despreza, todo lle vai ben, sobre todo naquilo que se refire á comida]. *É coma o porquiño de santo Antón, a el válelle todo.* [Nota: Segundo José María Pereda, a expresión ten relación co costume seguinte: nalgúns puntos de Galicia adoitábase prometer algunha cría a santo Antonio (patrón dos porcos) se saían os demais da camada con ben. Ao

ofrecerllo colocábaselle ao porquiño un axóuxere ao pescozo e deixábase circular libremente pola aldea. A veciñanza alimentábao e acubillábao. Cando era grande, vendíase en pública poxa e empregábase o importe a favor da festa do santo (Pereda, 1959)]. *andar coma o porquiño de san Antonio (54-Ban, 65-La, 116-Mos, 16-R), andar/ser coma o porco de san Antonio (174-Pq); ser como o porquiño de san Antón (4-PS), é coma o cocho de san Antonio (106-Mon), ser o marrau de san Antón (107-Gd).*

63. **can merendeiro.** *l.s.* COL. Persoa que anda de casa en casa levando contos para que o conviden a tomar algo. *Xa está aí outra vez ese can merendeiro. Non lle dará vergoña? é un can merendeiro (106-Mon).*

### 2.1.8. COMER MOITO

64. **a barriga-ten-man.** *l.adv.* COL. Sen taxa. [Úsase co verbo comer]. *Aquel xantar parecía o dun casamento, comemos a barriga-ten-man. comer a barriga-ten-mau (54-Ban).*
65. **(cheo) coma un odre / máis cheo ca un odre** \*\*. *comp.* COL. Saciado, moi cheo de comida e bebida. [Úsase con verbos como *estar, ir, pórse ou quedar*]. *Non che como máis, estouche cheo coma un odre. está cheo coma un odre (39-Vil).*
66. **(cheo) coma un peto / máis cheo ca un peto** \*. *comp.* COL. 1. Saciado, farto de comida e bebida. *Vou coma un peto, non podo comer máis.* 2. Moi cheo e apertado [cousas de comer]. *Esta nécora está chea coma un peto.* Sdo 1: *cheo coma un peto (115-PC), Sdo 2: está cheo coma un peto (85-V).*
67. **(cheo) coma unha centola.** *comp.* COL. Moi cheo. *Xa non como máis, estou cheo coma unha centola. cheo como unha centola (187-V), estar cheo coma un centolo (240-Ber).*

68. **coma un pancho.** *comp.* COL. Saciado, farto de comer e beber ben. [Úsase con verbos como *estar, ir, pórse* ou *quedar*]. *Si señor, quedei coma un pancho. Había tempo que non comía así. quedar coma un pancho* (86-AN, 75-V).
69. **coma un pego.** *comp.* COL. Saciado, farto de comer e beber ben. [Úsase con verbos como *estar, ir, pórse* ou *quedar*]. *Vouche coma un pego mais mañá pñoome a réxime, xúroo. píxenme como un pego* (38-La).
70. **coma un pepe** \*\*. *comp.* COL. Saciado, farto de comer e beber ben. [Úsase con verbos como *estar, ir, pórse* ou *quedar*]. *–Queres máis arroz con leite? –Non, xa comín dous pratos e quedei coma un pepe. quedar coma un pepe* (54-Ban, 107-Gd, 65-La, 1-M, 4-PS, 22-V).
71. **coma un reloxo** \*\*. *comp.* COL. Saciado, farto de comer e beber ben. [Úsase con verbos como *estar, ir* ou *quedar*]. *Despois daquela mariscada fiquei coma un reloxo. quedar coma un reló: Sdo 1 (38-For, 22-V), estar coma un reló: sdo 2 (38-For), quedar coma un reló (a andar): sdo 2 (4-PS).*
72. **coma un rulo.** *comp.* COL. Saciado, farto, satisfeito [despois de comer e beber ben]. [Úsase con verbos como *estar, ir, pórse* ou *quedar*]. *Despois daquel cocido quedei coma un rulo. quedar coma un rulo* (67-Fo, 65-Lo).
- comer a barriga-ten-man > a barriga-ten-man > 64**
73. **comer** [u.p.] **coma a peste.** *l.v.* COL. PEX. Comer moito. [Dise como crítica]. *Eses comen coma pestes, falando mal. comer coma a peste* (38-Can).
74. **comer** [u.p.] **coma un abade/cura** \*\*. *l.v.* COL. Comer moito e ben. *Non penso convidalos porque comen coma abades. | Fun á voda da María e comín*
- coma un cura. comer coma un abade* (38-V), *comer coma un cura* (54-Ban, 103-C, 102-Ma, 113-Mf, 39-Vil), *comer coma os curas* (12-Fr).
75. **comer** [u.p.] **coma un animal** \*\*. *l.v.* COL. Comer en exceso. *Ese home come coma un animal, fóra a alma. comer coma un animal* (104-Cel, 38-For, 107-Gd).
76. **comer** [u.p.] **coma un boi.** *l.v.* COL. Comer moito. *Quéixaste de que gasto moito. A culpa tela ti, xa que comes coma un boi. comer como un boi* (75-V).
77. **comer** [u.p.] **coma un lobo** \*\*. *l.v.* COL. Comer moito e avidamente. *Debían vir esfameados porque comeron coma lobos. comer coma un lobo* (15-Ce, 102-Cel=moito), 34-P, 102-Re (ás présas), 8-Vi).
78. **comer** [u.p.] **coma un odre** \*. *l.v.* COL. Comer moito. *Ese come coma un odre. comer coma un odre* (102-Cel, 67-Fo, 33-V).
79. **comer** [u.p.] **coma unha draga.** *l.v.* COL. Comer moito. *Nesa casa comen todos coma dragas, miña nai querida, o que tal comen! comer coma unha draga* (237-Ma).
80. **comer** [u.p.] **coma unha frieira** \*. *l.v.* COL. Comer moito. *Está magro mais come coma unha frieira.* [Nota: nesta locución xógase con dous significados de comer: tomar comida e producir comechón]. *comer coma un sabañón* (38-Can, 241-Cdo, 125-CM, 11-Mo, 75-V).
81. **comer** [u.p.] **máis ca o can dos gardas.** *l.v.* COL. Comer moito *Éche ben comellón, come máis ca o can dos gardas.* [Nota: Os gardas gañaban pouco e o can que levaban tíñano morto de fame]. *comer máis có can dos guardias* (10-Me).
82. **encher** [u.p.] **a barriga** \*. *l.v.* COL. Fartarse de comer. *Van encher a barriga a esas festas. enche-la barriga* (103-C).

83. **encher** [u.p.] **as peles**. *l.v.* COL. Fartarse de comer. *Este sábado imos encher as peles na casa dos avós. encher as peles* (118-Can).
84. **facer** [u.p.] **un bo pé**. *l.v.* COL. Comer moito, ser boa comedora. *Hai que pôr bastante comida porque ese fai un bo pé. facer un bo pé* (47-Ro).
85. **(farto) coma un abade/cura** \* / **máis farto ca un abade/cura** \*. *comp.* COL. Saciado, farto de comer e beber. [Úsase con verbos como *estar, ir, pôrse* ou *quedar*]. *Non me botes máis comida, que xa non podo comer máis! Quedeí coma un abade! quedar coma un abade* (2-A, 65-La), *quedar coma un cura* (86-AN) *ir coma un cura* (106-Mon).
86. **(farto) coma un can** \* / **máis farto ca un can** \*. *comp.* COL. Saciado, farto de comer e beber, ben farto. [Úsase con verbos como *estar, ir, pôrse* ou *quedar*]. *Vouche coma un can, máis mañá póño-me a réxime; prométo-o. quedar farto coma un can de cabezas* (117-V), *(farto) coma un can* (corrente).
87. **levar** [u.p.] **as canizas cheas**. *l.v.* COL. Ir farta de comida e bebida. *Hoxe comín coma un cura: levo as canizas cheas*. [Nota: as *canizas, caínzas, canizos* ou *ladrais* son estruturas de canas ou táboas entrelazadas ou sostidas cos estadullos (ou fungueiros) que se pon a cada lado do carro ou do remolque para que non caia a carga cando é de cousas miúdas. A expresión lémbra-nos, logo, a imaxe dun carro ben cargado]. *levar as canizas cheas* (2-A).
88. **meter** [u.p.] **peixe a bordo**. *l.v.* COL. Comer moito e con gana. *Como lle metemos peixe a bordo, eh? É que este cocido arde nun candil! meter peixe a bordo* (159-Bu).
89. **non ter** [u.p.] **fondo** \*. *l.v.* COL. Non se fartar nunca de comer. *Ese non ten fondo. Como o traías moitas veces arruínanos. non ter fondo* (159-Bu, 38-For).
90. **pozo sen fondo** \*. *l.s.* COL. Persoa que nunca se farta de comer. *É un pozo sen fondo, nunca cansa de comer este rapaz. | Non volvo convidar ese pozo sen fondo! Ti sabes o que come? ser un pozo sen fondo* (RAG97).
91. **ser mellor facer** [a alguén] **un traxe ca manter** [esa persoa] \* / **valer máis comprar** [a alguén] **un traxe ca dar de comer** [a esa persoa] \* / **valer máis dar** [a alguén] **dous pesos ca convidar a comer** [esa persoa] \*. *l.v.* COL. [Dise de quen come moito]. *A ese é mellor facerlle un traxe ca mantelo. | Máis vale comprarche un traxe ca darche de comer. máis vale comprarche un traxe que darche de comer* (112-PB), *é mellor facerche un traxe que manterte* (38-For), *vale máis darlle dous pesos que invitalo a comer* (1-Ar).
92. **ter** [u.p.] **a solitaria** \*. *l.v.* COL. [Dise de quen está delgado aínda que coma moito]. *Esa muller parece que ten a solitaria, e iso que é de bo peteiro. parecer que ten a solitaria* (1-Cua, 65-La, 33-V, 38-V, 39-Vil), *ter a solitaria* (107-Gd, 112-PB, 62-Pon).
93. **ter** [u.p.] **bo muíño**. *l.v.* COL. Ter bo apetito, comer moito e de todo. *O teu pai e mais eu sempre tivemos bo muíño. ter bo muíño* (159-Bu).
94. **tirar** [u.p.] **a barriga de mao ano** \*\*. *l.v.* COL. Fartarse de comida despois de ter pasado fame. *Convidamos a comer ao Antón e tirou a barriga de mao ano, coitado. sacar a barriga de mal ano* (1-M, 39-Vil), *afartar/encher a barriga de mal ano* (46-Ma).
95. **Vai para o palleiro / (xa) podes ir para o palleiro** \*. *fórm.* COL. [Dise a quen fica moi farto, despois de comer]. *Con toda esa comida que comiches xa podes ir pró palleiro. podes ir pró palleiro / vai pró palleiro* (65-La), *podes ir pró palleiro* (101-For), *xa podes ir tras do palleiro* (78-Pa).

### 2.1.9. COMER POUCO, MAO COMEDOR

96. **bico de espeto.** *l.s.* COL. Persoa que non come de todo. *O meu fillo sempre me protesta pola comida. Non hai cousa que lle guste. É un bico de espeto.* *bico de espeto* (2-A).
97. **bico de pucho.** *l.s.* COL. Persoa pouco comedora. *Esta nena é un bico de pucho, non vos come nadiña.* [Nota: a un *pucho* (becerro) dásele de comer pouco e escollido para destetalalo]. *bico de pucho* (32-PD).
98. **bico lambido.** *l.s.* COL. Persoa má comedora, que só gusta dos manxares refinados. *Este rapaz saíunos un bico lambido, non che come calquera cousa.* *pico lambido* (123-Ve).
99. **bico pregado.** *l.s.* COL. Persoa delicada para comer, que non come calquera cousa. *O máis vello cómeme ben mais o pequeno é un bico pregado.* *bico pregado* (174-Pq).
100. **comer [u.p.] coma un paxariño/pisco \*\*.** *l.v.* COL. Comer moi pouco, ser moi má comedora. *O irmán éche lambisqueiro e inda vai comendo algo, mais el cómeche talmente coma un paxariño, así está de cativo. | Como vai engordar se come coma un pisco? comer coma un paxariño* (86-AN, 103-C, 102-Cel, 75-V), *comer coma un pisco* (86-AN, 38-Can, 102-Cel, 38-Cov, 19-G, 107-Gd), *comer menos ca un pisco* (113-Mf).
101. **comer [u.p.] coma un pitiño/pito \*\*.** *l.v.* COL. Comer moi pouco, ser moi pouco comedora. *Este cativo cómeche coma un pitiño, eu non sei como se mantén.* *comer coma un pito* (125-CM, 1-Cua, 99-For, 65-La, 34-P, 112-PB, 102-Re), *comer coma un pitiño* (11-Mo), *comer menos ca un pito* (1-Cua, 107-Gd).
102. **do fociño longo.** *l.adx.* COL. Mao comedor. *É un cagabicho. Debeu ficar así porque é do fociño longo.* *ser do fociño longo* (86-AN).
103. **Estás a pescar á cana?** *fórm.* COL. HUM. [Dise a quen está a comer sen gana]. *Que, neno? Estás a pescar á cana? Que mao comedor saiches! estás a pescar á cana?* (159-Bu).
104. **(fino) coma a la de gato \*.** *comp.* COL. Moi fino, moi esixente. [Ás veces en sentido irónico]. [Dise de persoas ou animais que non comen de todo]. *Non che quere iso, éche fino coma a la do gato este cativo | Non lava as mans para comer e despois quere que lle cambien o prato. É fino coma a la de gato.* *fino coma a la do gato* (15-Ce, 97-Mr), *fino coma a la de gato* (65-La), *fino coma a lan de gato* (101-For), *fino coma a lan do gato* (34-P), *fino coma lan de gato* (64-).
105. **fociño de lesma.** *l.s.* COL. Persoa moi delicada para comer. O meu fillo é un fociño de lesma, xa se fai un pouco aborrecido. *fuciño de lerne* (147-Pq).
- morrer [u.p.] coa fame \*\* 2 / morrer [u.p.] de fame \*\* 2 > 19**
106. **orballar [u.p.] a boca.** *l.v.* COL. Comer ou beber en pouca cantidade [algo que apetece moito]. *Os percebes están carísimos mais vou levar estes pouquiños para orballar a boca | Un figo para cada un para orballar a boca.* *para orballar a boca* (186-V).
107. **ter [u.p.] a barriga cosida / ter [u.p.] o estómago cosido (coma as costureiras).** *l.v.* COL. Comer moi pouco. *Ese ten a barriga cosida, co que el come eu pasaría unha fame de can.* *ter a barriga encosida* (86-AN), *ter o estómago cosido coma as custureiras* (241-Cdo).
108. **ter [u.p.] sapos na boca.** *l.v.* COL. Ser persoa má comedora. *Este rapaz cómeche moi mal, ten sapos na boca.* [Nota: Refírese aos *sapos*, enfermidade que teñen as vacas na boca que non as deixa comer]. *ter sapos na boca* (32-PD).

109. **vivir** [u.p.] **do aire** \*\*. l.v. COL. Alimentarse moi pouco. Precisa un soldo todos os meses para manter a familia. Ou pensas que viven do aire? vivir do aire (corrente).
- 2.1.10. ESCASEZA**
110. **a pan e auga** \*\*. l.adv. Baixo un réxime alimentario moi rigoroso. *Estivo a pan e auga unha boa temporada e cando saíu estaba nos ósos. a pan e auga* (RAG97).
111. **lamber** [u.p.] **na lata**. l.v. COL. Pasalo mal por escaseza de algo (xeralmente comida). *Como non veñan hoxe os da venda ambulante vas lamber na lata. lamber na lata* (150-Od).
112. **non chegar** [u.c.] **a un dente** [a alguén] \*\* / **non chegar** [u.c.] **(nin) á moa do cabo** [a alguén] / **non chegar** [u.c.] **(nin) para tapar o buraco dun dente** [a alguén]. l.v. COL. Ser [unha comida ou bebida] insuficiente ou pouca cantidade. *Isto que nos puxeron non nos chega nin á moa do cabo. | Bótame máis un anaquiño de torta, que o que me botaches antes non me chegou nin para tapar o buraco dun dente. non chegar a un dente* (125-CM, 112-PB, 174-Pq, 102-Re), *non dar para un dente* (125-CM), *non chegar á moa do cabo* (38-L), *non chegou nin á moa de atrás* (47-Ro), *non chegar (nin) pra tapar o buraco dun dente* (2-A).
113. **non quedaren nin cangos**. l.v. COL. Non haber nada que comer [nunha casa]. Despois do fin de semana non ficaban nin cangos na casa, tivemos que facer unha compra valente. non quedaren nin cangos (58-L?).
- 2.1.11. FARTURA**
114. **a cugulo**. l.adx. e adv. De xeito que o contido sobresaía por riba dos bordos do continente; acugulado. *O neno ten o prato a cugulo e non creo que o dea comido todo. a cogulo* (102-Cel), *a cugulo* (128-AI, RAG97).
115. **Barriga, ten man!** fórm. COL. HUM. [Dise cando hai abundancia de comida; xeralmente úsase se hai festa nunha casa ao pór a comida na mesa]. –*Miña mai! Olla o que vén nesas pratas! – Barriga, ten man! barriga ten mau!* (92-CR).
116. **cortar** [u.p.] **tanto touciño coma pan**. l.v. COL. Ter abundancia nas comidas. *Alí vívenche moi ben, cortan tanto touciño coma pan. cortar tanto touciño coma pan* (10-Me).
117. **meter** [u.p.] **o pote grande dentro do pequeno**. l.v. COL. Facer un banquete farturo e que non se fai habitualmente. *Este ano non se fixo a festa, mais metemos o pote grande dentro do pequeno. mete-lo pote grande dentro do pequeno* (197-Cdo).
118. **pór** [u.p.] **(as) canizas** [a algo] \* / **pór (os) ladrais** [a algo] \*. l.v. COL. HUM. [Dise para expresar que o prato, a cunca ou algo similar, está tan acugulado de comida que xa non cabe máis nada, que está a punto de bordar]. *Fáltache pórllle as canizas. | Arre demo! A ese prato haslle ter que pór ladrais. Moito botaches!* [Nota: as canizas ou ladrais son estruturas de canas ou táboas entrelazadas ou sostidas cos estadullos que se pon a cada lado do carro ou do remolque para que non caía a carga cando é de cousas miúdas. A expresión lémbraos, logo, a imaxe dun carro ben cargado]. *ponlle as canizas* (112-PB), *vas a ter que poñerlle unhas canas* (102-Ma), *poñer fumeiros ao plato* (87-Es), *pór ladrás* (174-Pq), *poñer (os) ladrales no prato* (101-For), *poñer os ladrales* (78-Pa).
119. **Se comes así mañá, non morres hoxe**. fórm. COL. HUM. [Díselle a alguén que está a comer unha comida

abundante]. *Vaia almorzo! Se comes así mañá non morres hoxe. se comes así mañán non morres hoxe* (38-For), *comendo así mañán non morres hoxe* (189-V).

#### 2.1.12. MODERACIÓN, MODERARSE

120. **cortar** [u.p.] **á panela**. *l.v.* COL. Botar menos comida, non comer de máis. *Xa sabes o que tes que facer: cortarlle á panela. cortarlle á panela* (186-V).
121. **cortar** [u.p.] **ao bico**. *l.v.* COL. Botar menos comida, non comer de máis. *Teño que lle cortar ao bico, que engordei dous quilos estes días que pasei na aldea. cortarlle ao bico* (5-Ver).
122. **gardar** [u.p.] **a boca** \*. *l.v.* Ter coidado co que come. *O médico díxolle que non podía comer de todo, mais el non lle fai caso, e está claro que para vivir moitos anos hai que gardar a boca. garda-la boca* (86-AN).
123. **Se comeses como comes, non comías como comes**. *fórm.* COL. [Dise para criticar a quen se ve obrigado a comer pouco ou estar a dieta dalgún alimento por ter comido en exceso ou mal no pasado]. *Ai, querías que che puxesen máis! Como dicía o outro, se comeses como comes, non comías como comes! Xa veremos se te curas como é a cousa. se comeras, como comes, non comías, como comes* (237-).
124. **tirar** [u.p.] **ao prato**. *l.v.* COL. Botar menos comida, non comer de máis. O que hai é que lle tirar ao prato, iso é o efectivo de verdade. *quitarlle ao prato* (38-For).

#### 2.1.13. NON QUERER

125. **Para quen non quere hai de máis \*\* / Para quen non quere teño eu moito \*\***. *fórm.* COL. [Dise a quen (ou de quen) rexeita ou despreza algo que outro lle ofrece (ás veces porque

lle parece pouco ou de pouco valor)]. *–Que sabedeiras son estas castañas. Queres unhas poucas? –Non, non quero. –Pois pra quen non quere teño eu bastante. pra quen non quere teño eu moito* (34-P), *pró que non quere teño eu moito* (10-Me), *pa quen non quere hai moito* (75-V), *pra quen non quere teño eu bastante* (38-Can), *para quen non quere hai de máis* (55-Ab), *pra quen nada quere teño de sobra* (174-Pq).

126. **Xa comín era gaiteiro (, xa bebín tamborileiro)**. *fórm.* COL. HUM. [Dise como resposta cando alguén rexeita o convite feito para comer e di “xa comín”. A segunda parte pódela dicir calquera das dúas persoas]. *–Ficas a comer? –Non, xa comín. –Xa comín era gaiteiro, xa bebín tamborileiro. xa comín era gaiteiro, xa bebín tamborileiro* (162-Go, 167-PS), *xa comín era gaiteiro* (38-Can, 201-Lou).

#### 2.1.14. SABER OU NON SABER A COMIDA, PRESTAR

127. **coma as noces**. *l.adv.* COL. Moi ben. [Úsase co verbo *saber* para ponderar o sabor]. *Aquel pan sabíache coma as noces, sabía que non sei. saber coma as noces* (92-CR).
128. **comer** [u.p. algo] **(aínda que sexa/fose) na cabeza dun tiñoso \***. *l.v.* COL. Saber moito [un alimento a alguén], gustar moito de [un alimento]. *Sábenlle moito os grelos, cómeos na cabeza dun tiñoso. | Gusto moito do requeixo con mel, eu sería capaz de o comer aínda que fose na cabeza dun tiñoso. comer na cabeza dun tiñoso* (38-For, 239-Mn).
129. **de lamber os dedos \***. *l.adx.* COL. Moi saboroso, delicioso. *Comemos uns bistés que sabían de lamber os dedos. | Estes roxóns están de lamber os dedos. Eu cómoos co coiracho. de lapar os dedos* (38-Can), *de lamber os dedos* (corrente).

130. **furar** [u.c.] **o papo** [a alguén]. *l.v.* COL. Non gustar de [un alimento]. *Esa comida fúralle o papo, non lle ofrezas. fúralle o papo* (123-Ve).
131. **lambérense os bicos** [a algo]. *l.v.* COL. Estar [unha comida] moi saborosa. *Matilde fixo unhas filloas que se lle lambían os bicos. lambíanselle os bicos* (54-Ban).
132. **(Que che/lle... faga) bo proveito** \*\*. *fórm.* [Úsase para desexar a alguén que lle preste a comida]. –*Bo proveito, señores!* –*Graciñas. bo proveito* (RAG97).
133. **que consola**. COL. Moi ben. [Úsase co verbo *saber* para ponderar o sabor]. *Aquel pan sabía que consolaba. saber que consola* (92-CR, 174-Pq).
134. **que mete medo** \*\*. COL. **1. l.adx.** [Cando modifica un substantivo]. Moi bo, excelente, impresionante. *Esa caste de ameixas ten un sabor que mete medo.* **2. l.adv.** [Cando modifica un verbo]. Moito, moi ben. *Aqueles pernís da aldea sabían que metía medo.* **3. l.adv.** [Cando modifica un adxectivo ou adverbio]. Moi + adxectivo ou adverbio. *A empanada da miña nai é saborosa que mete medo.* | *Esas galdrumadas saben ben que mete medo. que mete medo* (38-Can, 38-For, 174-Pq).
135. **que non sei** \*. COL. **1. l.adx.** [Cando modifica un substantivo] Moi bo, excelente, impresionante. *Esas mazás teñen un sabor que non sei.* **2. l.adv.** [Cando modifica un verbo] Moito, moi ben. *Aqueles cocidos da aldea saben que non sei.* **3. l.adv.** [Cando modifica un adxectivo ou adverbio] Moi + adxectivo ou adverbio. *Eses chourizos son sabedeiros que non sei.* | *Aquel pan sabe ben que non sei. que non sei* (38-Can, 174-Pq).
136. **que rabia** \*\*. COL. Moi ben. [Úsase co verbo *saber* para ponderar o sabor]. *Teño unhas claudias no meu eido que saben que rabian. saber que rabea* (2-A, 38-Can, 65-La, 174-Pq).
137. **que relouca**. COL. Moi ben. [Úsase co verbo *saber* para ponderar o sabor]. *Estas vieiras que fas saben que reloucan. saber que relouca* (101-For).
138. **saber** [u.c.] **a resolio**. *l.v.* COL. Saber moi ben. *O xantar de onte sóubome a resolio. saber a resolio* (101-For), *saber coma resolio* (un viño) (241-Cdo).
- saber coma as noces > coma as noces > 127**
- saber que consola > que consola > 133**
- saber que mete medo \*\* > que mete medo > 134**
- saber que non sei \* > que non sei > 135**
- saber que rabia \*\* > que rabia > 136**
- saber que relouca > que relouca > 137**

## 2.2. BEBER, BEBIDA, EMBRIAGUEZ

Ver tamén:

- 2.1.1. (1, 2, 3)
- 2.1.2. (13, 17)
- 2.1.3. (30, 31, 32)
- 2.1.5. (50, 57)
- 2.1.8. (65, 66, 68, 69, 70, 71, 72, 85, 86, 87)
- 2.1.10. (110, 112)
- 2.1.13. (125)
- 2.1.14. (130, 133, 134, 135, 136, 137, 138)

### 2.2.1. BEBER, BEBIDA, SEDE

139. **a secas** \* / **a seco** \*\* / **ás secas**. *l.adv.*

1. Sen dereito ás comidas, mais si a beber viño [traballando para alguén por un salario]. *Chamei os xornaleiros e dixéronme que me viñan a seco porque así cobran máis.* 2. Sen bebida. *Non queren beber nada. Hoxe veñen a seco.* *a seco* (2-A, 54-Ban, 38-Can, 65-La, RAG97), *a secas* (107-Gd).

140. **auga chirla** / **auga de castañas** \*.

*l.s.* COL. Bebida de pouca calidade, xeralmente pouco mesta ou con pouca substancia. [Dise do café, do caldo, da sopa...]. *Fixeches unha auga de castañas que non hai quen a beba.* *auga chirla* (38-For, 217-Sa), *agua chirla* (68-Can), *auga de castañas* (38-For, 217-Sa, 78-Pa).

141. **botar** [u.p.] **unha pinga**. *l.v.* COL.

Beber un pouco de viño ou outra bebida alcólica. *Hoxe hai que botar unha pinga: un día non son días.* *botar unha pinga* (38-Can).

142. **Cun pé só non se camiña**. *fórm.* COL.

HUM. [Dise, entre bebedores, cando se tomou só un vaso ou copa]. *Agora imos tomarlle outra a esta tasca de aquí á beira, cun pé só non se camiña.* *con un pé solo non se camiña* (123-Ve).

143. **matar** [u.p.] **o bicho**. *l.v.* COL. 1.

Beber augardente (ou outra bebida alcólica), especialmente de mañá cedo en xaxún. *Antes era corrente ir á mañá cedo matar o bicho á taberna.* 2. Comer unha comida lixeira para

aplacar a fame. *Vamos matar o bicho e despois seguimos.* Sdo 1: *mata-lo bixo* (38-Can); Sdo 2: *matar o bicho* (107-Gd).

**meter** [u.p.] **ao cinto** [algo] > 52

144. **mollar** [u.p.] **a palabra** \*.

*l.v.* COL. Beber un pouco de viño ou doutra bebida. *Antes de comezar co discurso teño que mollar a palabra* (54). *molla-la palabra* (54-Ban, 123-Ve, 39-Vil).

145. **mollar** [u.p.] **a palleta** \*.

*l.v.* COL. Beber un pouco de viño ou doutra bebida. *–Bule, Carlos, que levo présa. –Pois non me esperes, que non paso por esta taberna sen mollar a palleta.* *molla-la palleta* (86-AN, 75-V, RAG97).

146. **morrer** [u.p.] **coa sede** \*\* / **morrer**

[u.p.] **de sede** \*\*. *l.v.* Ter moita gana de beber. *Ía unha calor abafante e morriamos coa sede.* *morrer coa sede, morrer de sede* (corrente).

**orballar** [u.p.] **a boca** > 106

**querer o corpo** [algo a alguén] > 21

**roupa de dentro** > 55

147. **Se é branco non me espanto e se é**

**tinto non me arrepinto**. *fórm.* COL. HUM. [Dise cando se vai beber viño]. *–Que bebemos, meu, branco ou tinto? –Se é branco non me espanto e se é tinto non me arrepinto.* *se é branco non me espanto e se é tinto non me arrepinto* (5-Es), *do tinto non me arrepinto, do branco non me espanto, o Jaén veña tamén.* (137-Ved).



148. **tirar** [u.p.] **as arañeiras / tirar** [u.p.] **as teas de araña.** *l.v.* COL. HUM. Beber un vaso de augardente antes de almorzar. *Eu o primeiro que fago en me erguendo é tirar as teas de araña. quita-las tearañas* (118-RT).
149. **tomar** [u.p.] **a mañá.** *l.v.* Tomar unha copa, xeralmente de augardente, pola mañá. *Estou afeito a tomar a mañá todos os días. toma-la mañá* (123-Ve).
150. **xarope de cepa.** *l.s.* COL. Viño. Ponnos uns vasos dese xarope de cepa de a rente á parede que din que tes. *xarabe de cepa* (123-Ve).
- 2.2.2. BEBER MOITO**
151. **beber** [u.p.] **coma un cosaco.** *l.v.* COL. Beber moito. *Bebedes coma cosacos, tendes que vos moderar un pouco. beber coma un cosaco* (112-PB).
152. **beber** [u.p.] **coma un fuso.** *l.v.* COL. Beber moito. *Bebe coma un fuso, así que controládeo ben. .beber coma un fuso* (44-Re).
153. **beber** [u.p.] **coma un odre.** *l.v.* COL. Beber moito. *Beben coma odres. beber coma un odre* (68-Can, 103-C).
154. **beber** [u.p.] **coma unha esponxa.** *l.v.* COL. Beber moito. *–Canto viño collestes este ano! –Non ha durar moito, xa sabes que o meu home bebe coma unha esponxa. beber coma unha esponxa* (112-PB, 75-V).
155. **beber** [u.p.] **coma unha tella / beber** [u.p.] **máis ca unha tella.** *l.v.* COL. Beber moito. *Nesas festas bebes máis ca unha tella, tes que te controlar. beber máis ca unha tella* (107-Gd).
156. **Se corres como bebes, imos ás lebres.** *fórm.* COL. [Úsase para lle advertir a outra persoa que está bebendo en exceso]. *–Imos tomarlle outra aí ao pé. –Se corres como bebes, imos ás lebres, meu amigo. se corres como bebes, imos ás lebres* (240-Ber).
157. **ser** [u.p.] **coma un secante.** *l.v.* COL. Ser moi bebedor. O teu irmán é coma un secante. Moito bebe. *ser coma un secante* (101-For).
- 2.2.3. BRINDAR, BRINDE, CELEBRACIÓN**
158. **Á saúde de + NOME!** \*\* / **Á túa/súa... saúde!** \*\* *fórm.* [Úsase para brindar]. *Un brinde á saúde da médica que me curou! Á vosa saúde, rapaces! á saúde de + NOME! / á túa/súa... saúde!* (corrente).
159. **Así once meses e mais o de agosto!** *fórm.* [Dise nun convite ou na conmemoración dalgunha data sinalada, para mostrar desexos de que se celebre o ano próximo e volvan estar xuntos e ben]. *Así once meses e mais o de agosto! así once meses e mais o de agosto!* (240-Ber).
160. **De hoxe nun ano! \*\* / De hoxe nun ano e deica aló moitas veces!** *fórm.* [Dise nun convite ou na conmemoración dalgunha data sinalada, como un día de anos etc., para mostrar desexos de que se celebre o ano próximo e volvan estar xuntos e ben]. *–Pois de hoxe nun ano! –E deica aló moitas veces! de hoxe nun ano* (corrente).
161. **Se de hoxe nun ano non somos máis, que non sexamos menos!** *fórm.* [Dise como brinde]. *–Por todos nós. –Por nós. –Que, se de hoxe nun ano non somos máis, que non sexamos menos! se de hoxe nun ano non somos máis, que non sexamos menos!* (237-PC).
- 2.2.4. EMBRIAGAR(SE), EMBRIAGUEZ**
162. **(bébedo) coma (o) viño / máis bébedo ca o viño.** *comp.* COL. Completamente bébedo. *Onte cando cheguei da festa traía unha lura que non me lambía, viña bébedo coma o viño. borracho como o viño* (10-Me), *borracho como viño* (17-G).

163. **(bébedo) coma os mosquitos / máis bébedo ca os mosquitos.** *comp.* COL. Moi bébedo. *Anda sempre bébedo coma os mosquitos. borracho coma os mosquitos* (13-Mos).
164. **(bébedo) coma un coiro / máis bébedo ca un coiro.** *comp.* COL. Completamente bébedo. *O home que me convidara estaba coma un coiro. estar coma un coiro* (99-F).
165. **(bébedo) coma un congro / máis bébedo ca un congro.** *comp.* COL. Moi bébedo. *Acompaña ao teu curmán á casa que está coma un congro. estar coma un congro* (237-).
166. **(bébedo) coma unha uva \* / máis bébedo ca unha uva \*.** *comp.* COL. Moi bébedo. *Viñamos da festa bébedos coma uvas. estar coma unha uva* (107-Gd), *borracho como unha uva* (32-PD, 39-Vil).
167. **(borracho) coma unha cuba \*\* / máis borracho ca unha cuba \*\*.** *comp.* COL. Completamente bébedo. *Onte chegoulle o pai coma unha cuba* (34), *borracho coma unha cuba* (102-Bu, 125-CM, 1-Cua, 17-G, 19-G, 1-M, 11-Mo, 34-P, 62-Pon, 118-RT, 40-SC, 33-V, 75-V, 39-Vil), *coma unha cuba* (RAG97).
168. **cargar [u.p.] dianteiro.** *l.v.* COL. Ir bébeda. *Viches como ía o noso amigo onte á noite? Cargaba dianteiro cando saíu á rúa* (88). *cargar dianteiro* (107-Gd, 88-Mos).
169. **cargar [u.p.] o carro \*.** *l.v.* COL. Embebedarse. *Cando me viches onte cargara o carro e por iso ía así. carga-lo carro* (65-La).
170. **cargar [u.p.] para Navia.** *l.v.* COL. Estar bébeda. *Cando te encontrei xa comezabas a cargar para Navia. cargar para Navia* (237-).
171. **coma a cota da ola.** *l.adx.* COL. Moi bébedo [Úsase con verbos como *estar, ir* ou *póirse*]. *Aquel día cando o vimos ía coma a cota da ola, case non se tiña en pé. Levaba toda a tarde de bar en bar. ir coma a cota da ola* (77-Or).
172. **estar [u.p.] coa esquerda á fronte.** *l.v.* COL. Estar bébeda. *Déixao, que está coa esquerda á fronte. Agarda a que lle pase. estar coa esquerda ó fronte* (237-).
173. **levar [u.p.] boa carrada.** *l.v.* COL. Ir bébeda. *Olla como vai ese, leva boa carrada. levar boa carrada* (107-Gd).
174. **levar/ter/traer [u.p.] unha areíña.** *l.v.* COL. Estar lixeiramente ebria. *Onte tiñas unha areíña e estabas moi falanguero e simpático. levar/ter/traer uha areíña* (238-Mz), *ter unha area* (240-Ber).
175. **(mollado) coma a lama / máis mollado ca a lama.** *comp.* COL. Moi bébedo. *Saía cos amigos e chegaba á casa coma a lama e batía na muller. mollado como a lama: 1: (corrente) 2: (5-VG).*
176. **mollar [u.p.] os pés.** *l.v.* COL. Embebedarse. *O meu home, no casamento, mollou os pés. Que vergoña! molla-los pés* (75-V).
177. **na mula.** *l.adx.* COL. Bébedo. [Úsase con verbos como *andar, estar* ou *ir*]. *Olla para aí, anda todo o día na mula, non ten vergonza ningunha. andar na mula* (4-PS).
178. **na trenla.** *l.adx.* COL. Bébedo. [Úsase con verbos como *andar, estar* ou *ir*]. *Bebe todo o día e despois anda na trenla. andar na trenla* (86-AN).
179. **non estar [u.p.] soa / non vir [u.p.] soa.** *l.v.* COL. Estar bébeda. –*Querida, dáme un biquiño. –Como se nota que non vés só! Isto debía pasar máis a miúdo* (75). *non estar solo* (38-For), *non vir solo* (75-V).
180. **pechar [u.p.] todos os bares pola noite.** *l.v.* COL. HUM. [Dise de quen se embebeda con frecuencia]. *O pai si que bebía, pechaba todos os bares pola noite. pecha tódolos bares pola noite* (237-).

181. **pesar a cabeza máis ca os pés** [a alguén]. *l.v.* COL. Estar bébeda. *Cando chegou pesáballle máis a cabeza ca os pés. pesarlle a cabeza máis cós pés* (237-).
182. **subir** [u.c.] **á cabeza** [a alguén] \*\*. *l.v.* COL. Embebedar [unha bebida alcólica] levemente [alguén]. *Non bebo máis, que me vai subir á cabeza este viño. subir á cabeza* (44-Re), *subirse á cabeza* RAG97).
183. **ter** [u.p.] **a cama na taberna**. *l.v.* COL. HUM. [Dise de quen se embebeda con frecuencia]. *Ese ten a cama na taberna. ten a cama na taberna* (237-).
184. **ter** [u.p.] **o mapa do Ribeiro**. *l.v.* COL. HUM. Estar bébeda. *Despois dunha hora de viños, eu xa tiña o mapa do Ribeiro. te-lo mapa do Ribeiro* (237-Ban?).
187. **cantar** [u.p.] **de galo**. *l.v.* COL. Falar máis da conta ou descubrir segredos [por estar ebria]. *Ti bébelle ben, que despois cantas de galo e cando te arrepiñas xa non hai remedio* (86). *cantar de galo* (86-AN).
188. **facer** [u.p.] **eses** \*\*. *l.v.* COL. Caer para os lados, cambalea [por estar bébeda]. *Chegou á casa a facer eses do calcado que viña de tanto beber. andar facendo eses* (103-C), *facen eses* (99-For), *ir facendo eses* (112-PB).
189. **medir** [u.p.] **a estrada**. *l.v.* COL. Caer para os lados, cambalea [por estar bébeda]. *Vai con xeito, e procura non medir a estrada para que non se decaten do teu estado. medi-la carretera* (75-V).
190. **non revolver** [u.p.] **a lingua**. *l.v.* COL. Ter dificultade para falar por estar bébeda. Bebeu tanto que non revolvía a lingua. *non revolver a lingua* (113-Mf)

## 2.2.5. SÍNTOMAS E EFECTOS DA EMBRIAGUEZ

### andar/caer aos los > aos los > 185

185. **aos los**. *l.adv.* Caendo para os lados [por estar bébedo]. [Úsase con verbos como *andar* ou *caer*]. *Vino onte despois da festa, andaba pola rúa aos los, vese que cargara un pouco o carro. andar aos los* (4-PS), *caer aos los* (1-M).
186. **botar** [u.p.] **a mula**. *l.v.* COL. Vomitar por exceso de alcol. *Tanto bebera que botei a mula. botar a mula* (107-Gd).

### 3. Procedencia das expresións

#### 3.1. Claves dos colaboradores e informantes

1. Pilar Lema Albarellos
2. Pilar Leal Varela
3. M<sup>a</sup> Flor Araújo Fernández
4. Rosa M<sup>a</sup> Ventoso Pouso
5. Miguel Rubinos Conde
8. Aurelio Casal Blanco
10. Anxos Trabada Crende
11. Isabel Amil Gil
12. Carne Penín Villar
13. M<sup>a</sup> Xosé Álvarez Lago
15. Rosa M<sup>a</sup> Rodríguez Muñoz
16. Xosé Manuel Vázquez González
17. M<sup>a</sup> Xosé Alonso Rodríguez
18. Palmira Calvar Rosendo
19. Xulia M<sup>a</sup> Sierra Vaquero
22. Juan Campos Lago
23. Luís Miguel Lustres Blanco
24. Carmen Pérez Fernández
29. Iolanda Alonso Regueiro
32. Solfina Álvarez González
33. M<sup>a</sup> Xosé Lago Alonso
34. Xosefa Beloso Gómez
38. Ramón Anxo Martins Seixo
39. M<sup>a</sup> Xesús Guizán Durán
40. Rafael Gutiérrez Araújo
42. Ana M<sup>a</sup> Vila Pita
44. Xosé Couñago Ribeira
46. Divina Martínez Recamán
47. Azucena Vázquez Lamazares
54. Rosa M<sup>a</sup> Martínez García e Alexandra Fernández Oviedo
55. Ilda Bello Alonso
58. Xosé Avelino Hermida Borrajo
62. Begoña Davila Davila
64. Carne Álvarez Peña
65. Xosé Antón Granxa González
67. M<sup>a</sup> Belén González Amoedo
68. M<sup>a</sup> Lourdes Blanco Rodríguez
70. Eva Pazó González
75. Anxos Hermida Alonso
77. Anxo Rosende Fernández
78. Clara de la Torre Buxán
85. Begoña Caldas Rodríguez
86. M<sup>a</sup> Dolores Barbeito Lorenzo
87. Consuelo Davila Lorenzo
88. M<sup>a</sup> Isabel Ramilo Rivero
89. Victoria Pérez Rodríguez
92. PCFG (Maite Veiga Díaz)
97. Manuel Díaz Rodríguez
99. Guillermo Reinaldo Barcia
101. Margarita López Barreiro
102. Alexia López Rodríguez
103. M<sup>a</sup> Xosé González Domínguez
104. Pilar Carrera Ferreiro
106. EDP (Paco Rivas)
107. AFNGudiña (Xosé Rodríguez Cruz)
112. M<sup>a</sup> Belén Míguez Míguez
113. M<sup>a</sup> Begoña Martín Olea
115. Ánxeles Martínez Villa
116. M<sup>a</sup> Carne González Rodríguez
117. M<sup>a</sup> Fernanda García Collazo
118. Laura L. Gil Esteves
123. ALPereda (J. M. Pereda Álvarez)
124. Elisa Fernández-Pedreira Aboal
125. Lucía Durán Paredes
126. Marcos Lago Álvarez
128. Daniel Conde e Teresa
133. Ruth Noemí Lodeiro Rodríguez
137. Henrique Neira Pereira
140. Fernando Vilaboa Martínez
148. M<sup>a</sup> Xosé Villar Pouceiro
149. Carlos Calvo Varela
150. M<sup>a</sup> Luísa Calvo Germales
159. Carmen Malvido López
162. Xoán Colazo Pazó
163. CMorrazo (VV.AA.)
164. Mercedes Álvarez Estévez
167. Dolores Calo García
169. Ana Prieto Domínguez
174. Dorinda Penín Rodríguez
178. Elisa María González Arias
182. Rosa Ana Quintero Vázquez
186. Begoña Fernández González
187. Antonia Fernández Rodríguez
189. Henrique Carbó Estévez
197. Nuchi Grande Grande
201. Félix Caballero Wangüemert
212. Milagres Romero Susovilla
217. Pilar Fernández García
237. CQFC (Xesús Ferro Ruibal)
- 238: OLMorrazo (VV.AA.)
- 239: Ricardo Rodríguez Martínez
- 240: FBerg (Evaristo Domínguez Rial)
- 241: FTasar (Anxo González Guerra)

#### 3.2. Claves xeográficas dos concellos e comarcas

- A:** Arbo  
**Ab:** Abadín  
**Al:** Allariz  
**AN:** As Neves  
**Ar:** A Arnoia  
**Ban:** Bande  
**Ber:** Bergantiños (comarca)  
**Bu:** Bueu  
**C:** Crecente  
**Cab:** Carballeda de Valdeorras  
**Can:** A Caniza  
**Cdo:** Carballedo  
**Ce:** San Cristovo de Cea  
**Cel:** Celanova  
**CM:** Cangas  
**Cot:** Cotobade  
**Cov:** Covelo  
**CR:** Castro de Rei  
**Cua:** Cualedro  
**D:** Dodro  
**Eg:** Esgos  
**F:** A Fonsagrada  
**Fo:** Fornelos de Montes  
**For:** Forcarei  
**Fr:** Friol  
**G:** Gome sende  
**Gd:** A Gudiña

**Go:** Gondomar  
**L:** Leiro  
**La:** Lalín  
**Lo:** Lobios  
**Lou:** Lousame  
**M:** Muxía  
**Ma:** Marín  
**Mañ:** Mañón  
**Me:** Meira  
**Mer:** A Merca  
**Mf:** Monforte  
**Mn:** Melón  
**Mo:** Mondariz  
**Mon:** Mondoñedo  
**Mos:** Mos  
**Mr:** Monterrei  
**Mz:** O Morrazo (comarca)

**N:** As Nogais  
**Oa:** Oia  
**Od:** Ordes  
**Og:** O Grove  
**Or:** Ortigueira  
**Ort:** Ortegal (comarca)  
**P:** Pontevedra  
**Pa:** Pantón  
**PB:** Pazos de Borbén  
**PC:** Ponte Caldelas  
**PD:** Pontedeiva  
**Pi:** Piñor  
**Pon:** Pontearreas  
**Pq:** Porqueira  
**PR:** Palas de Rei  
**PS:** Porto do Son  
**R:** Ribadeo

**Re:** Redondela  
**Ro:** Rodeiro  
**RT:** Riotorto  
**S:** Salvaterra de Miño  
**SC:** Santiago de Compostela  
**Sa:** San Cibrao das Viñas  
**T:** Tui  
**TC:** Tapia de Casariego (Asturias)  
**V:** Vigo  
**Ve:** Verín  
**Ved:** Vedra  
**Ver:** Vereia  
**VG:** Vilagarcía de Arousa  
**Vi:** Vilaboa  
**Vil:** Vilalba  
**Viv:** Viveiro

#### 4. Índice alfabético de unidades fraseolóxicas

O número entre parénteses remite ó número que ese fraseoloxismo ten no corpo desta recadádiva.

*a barriga-ten-man* (64)  
*a cortesia do galego* (38)  
*a cugulo* (114)  
*a mantidas* (39)  
*a mantido* (39)  
*a molladas* (40)  
*a pan e auga* (110)  
*á saúde de + NOME!* (158)  
*a secas* (139)  
*a seco* (139)  
*á túa/súa... saúde!* (158)  
*a vergonza do galego* (41)  
*afiar os dentes* (4)  
*andar aos los* (185)  
*andar coma o porquiño de santo Antón* (62)  
*andar un rato na barriga [a alguén]* (5)  
*aos los* (185)  
*arder nun candil* (1)  
*ás secas* (139)  
*así once meses e mais o de agosto!* (159)  
*auga chirla* (140)  
*auga de castañas* (140)  
*barriga, ten man!* (115)  
*(bébedo) coma (o) viño* (162)  
*(bébedo) coma os mosquitos* (163)  
*(bébedo) coma un coiro* (164)  
*(bébedo) coma un congro* (165)

*(bébedo) coma unha uva* (166)  
*beber coma un cosaco* (151)  
*beber coma un fuso* (152)  
*beber coma un odre* (153)  
*beber coma unha esponxa* (154)  
*beber coma unha tella* (155)  
*beber máis ca unha tella* (155)  
*bico de espeto* (96)  
*bico de pucho* (97)  
*bico lambido* (98)  
*bico pregado* (99)  
*bo dente* (34)  
*bo peteiro* (35)  
*bo proveito* (132)  
*boa boca* (36)  
*(borracho) coma unha cuba* (167)  
*botar a mula* (186)  
*botar para abaixo* (42)  
*botar unha pinga* (141)  
*caer aos los* (185)  
*caer o ollo [a alguén por algo]* (6)  
*caeren os ollos [a alguén por algo]* (6)  
*caldo de tatáns* (43)  
*can merendeiro* (63)  
*cantar de galo* (187)  
*cargar dianteiro* (168)  
*cargar o carro* (169)

*cargar para Navia* (170)  
*chalanas ao mar* (44)  
*chalanas no mar* (44)  
*(cheo) coma un odre* (65)  
*(cheo) coma un peto* (66)  
*(cheo) coma unha centola* (67)  
*coa barriga en van* (7)  
*coma a cota da ola* (171)  
*coma as noces* (127)  
*coma un pancho* (68)  
*coma un pego* (69)  
*coma un pepe* (70)  
*coma un reloxo* (71)  
*coma un rulo* (72)  
*comer a barriga-ten-man* (64)  
*comer a Deus polas pernas* (8)  
*comer a Deus por unha pata* (8)  
*comer (aínda que sexa/fose) na cabeza dun tiñoso [algo]* (128)  
*comer calado coma os curas* (45)  
*comer coma a peste* (73)  
*comer coma un abade* (74)  
*comer coma un animal* (75)  
*comer coma un boi* (76)  
*comer coma un cocho* (59)  
*comer coma un cura* (74)  
*comer coma un lobo* (77)  
*comer coma un odre* (78)

- comer coma un paxariño* (100)  
*comer coma un pisco* (100)  
*comer coma un pititiño* (101)  
*comer coma un pito* (101)  
*comer coma un porco* (59)  
*comer coma unha draga* (79)  
*comer coma unha frieira* (80)  
*comer coma unha gaivota* (60)  
*comer coma unha perdiz nunha leira de pan* (61)  
*comer cos ollos* (9)  
*comer [(en) algo] coma o porco no trevo* (46)  
*comer [(en) algo] coma unha vaca na ferrán* (47)  
*comer máis ca o can dos gardas* (81)  
*comer máis cos ollos ca coa boca* (10)  
*comer os cravos ardendo* (11)  
*comeren máis os ollos ca a boca [a alguén]* (12)  
*cortar á panela* (120)  
*cortar ao bico* (121)  
*cortar tanto touciño coma pan* (116)  
*cun pé só non se camiña* (142)  
*dar ao dente* (48)  
*de a rente á parede* (2)  
*de contra a parede* (2)  
*de hoxe nun ano!* (160)  
*de hoxe nun ano e deica aló moitas veces!* (160)  
*de lamber os dedos* (129)  
*de sete estalos* (3)  
*deixar o endego* (49)  
*do fociño longo* (102)  
*do fociño redondo* (37)  
*encher a barriga* (82)  
*encher as peles* (83)  
*estar coa esquerda á fronte* (172)  
*estás a pescar á cana?* (103)  
*facen boca* (50)  
*facen eses* (188)  
*facen papo [a alguén]* (13)  
*facen un bo pé* (84)  
*facerse [a alguén] auga na boca* (14)  
*fame de can* (15)  
*(farto) coma un abade* (85)  
*(farto) coma un can* (86)  
*(farto) coma un cura* (85)
- (fino) coma a la de gato* (104)  
*fociño de lesma* (105)  
*furar o papo [a alguén]* (130)  
*gardar a boca* (122)  
*haber pata con allo* (51)  
*ir co xugo para o forno* (16)  
*ir coma o rato ao mollo* (17)  
*ir pola gorxa pequena [a alguén]* (30)  
*ir polo camiño vello [a alguén]* (31)  
*ladrar o estómago [a alguén]* (18)  
*lamber na lata* (111)  
*lambérense os bicos [a algo]* (131)  
*levar as canizas cheas* (87)  
*levar boa carrada* (173)  
*levar unha areíña* (174)  
*máis bébedo ca o viño* (162)  
*máis bébedo ca os mosquitos* (163)  
*máis bébedo ca un coiro* (164)  
*máis bébedo ca un congro* (165)  
*máis bébedo ca unha uva* (166)  
*máis borracho ca unha cuba* (167)  
*máis cheo ca un odre* (65)  
*máis cheo ca un peto* (66)  
*máis farto ca un abade* (85)  
*máis farto ca un can* (86)  
*máis farto ca un cura* (85)  
*máis mollado ca a lama* (175)  
*matar o bicho* (143)  
*medir a estrada* (189)  
*meter ao cinto [algo]* (52)  
*meter o dente [a algo]* (53)  
*meter o pote grande dentro do pequeno* (117)  
*meter peixe a bordo* (88)  
*(mollado) coma a lama* (175)  
*mollar a palabra* (144)  
*mollar a palleta* (145)  
*mollar os pés* (176)  
*morrer coa fame* (19)  
*morrer coa sede* (146)  
*morrer de fame* (19)  
*morrer de sede* (146)  
*na mula* (177)  
*na trenla* (178)  
*non estar soa* (179)
- non chegar a un dente [a alguén]* (112)  
*non chegar (nin) á moa do cabo [a alguén]* (112)  
*non chegar (nin) para tapar o buraco dun dente [a alguén]* (112)  
*non quedaren nin cangos* (113)  
*non revolver a lingua* (190)  
*non ter fondo* (89)  
*non vir soa* (179)  
*o requesito do galego* (54)  
*orballar a boca* (106)  
*para quen non quere hai de máis* (125)  
*para quen non quere teño eu moito* (125)  
*parece/parecía que ter a fame do corenta e un* (25)  
*pasar leste* (20)  
*pechar todos os bares pola noite* (180)  
*pediren máis os ollos ca a boca [a alguén]* (12)  
*perdoar o mal que facer [a alguén] polo ben que saber [a alguén]* (32)  
*pesar a cabeza máis ca os pés [a alguén]* (181)  
*pór (as) canizas [a algo]* (118)  
*pór (os) ladrais [a algo]* (118)  
*pozo sen fondo* (90)  
*(que che/lle...faga) bo proveito* (132)  
*que consola* (133)  
*que mete medo* (134)  
*que non sei* (135)  
*que rabia* (136)  
*que relouca* (137)  
*querer o corpo [algo a alguén]* (21)  
*queres comer? Vai a Peinador* (22)  
*roupa de dentro* (55)  
*roupa vella* (56)  
*saber a resolio* (138)  
*saber coma as noces* (127)  
*saber que consola* (133)  
*saber que mete medo* (134)  
*saber que non sei* (135)  
*saber que rabia* (136)  
*saber que relouca* (137)

<i>se comes así mañá, non morres hoxe</i> (119)	<i>subir á cabeza [a alguén]</i> (182)	<i>tirar as teas de araña</i> (148)
<i>se comeses como comes, non comías como comes</i> (123)	<i>ter a barriga cosida</i> (107)	<i>tomar a mañá</i> (149)
<i>se corres como bebes, imos ás lebres</i> (156)	<i>ter a barriga en van</i> (24)	<i>traer a fouce picada</i> (28)
<i>se de hoxe nun ano non somos máis, que non sexamos menos!</i> (161)	<i>ter a cama na taberna</i> (183)	<i>traer o forno quente</i> (33)
<i>se é branco non me espanto e se é tinto non me arrepinto</i> (147)	<i>ter a fame do corenta e un</i> (25)	<i>traer o muíño picado</i> (29)
<i>ser coma o porquiño de santo Antón</i> (62)	<i>ter a fouce picada</i> (28)	<i>traer unha areíña</i> (174)
<i>ser coma un secante</i> (157)	<i>ter a lingua na boca</i> (26)	<i>vai para o palleiro</i> (95)
<i>ser mellor facer [a alguén] un traxe ca manter [esa persoa]</i> (91)	<i>ter a que botar a man</i> (58)	<i>valer máis comprar [a alguén] un traxe ca dar de comer [a esa persoa]</i> (91)
<i>sopas de burro cansado</i> (57)	<i>ter a solitaria</i> (92)	<i>valer máis dar [a alguén] dous pesos ca convidar a comer [esa persoa]</i> (91)
<i>sopas de cabalo cansado</i> (57)	<i>ter bo muíño</i> (93)	<i>virse [a alguén] a auga á boca</i> (14)
<i>sorbe, Casilda, que é caldo de voda!</i> (23)	<i>ter o estómago cosido (coma as costureiras)</i> (107)	<i>vivir do aire</i> (109)
	<i>ter o forno quente</i> (33)	<i>xa comín era gaitero (, xa bebín tamborileiro)</i> (126)
	<i>ter o mapa do Ribeiro</i> (184)	<i>(xa) podes ir para o palleiro</i> (95)
	<i>ter o muíño picado</i> (29)	<i>xarope de cepa</i> (150)
	<i>ter sapos na boca</i> (108)	
	<i>ter un buraco na barriga</i> (27)	
	<i>ter un buraco no estómago</i> (27)	
	<i>ter unha areíña</i> (174)	
	<i>tirar a barriga de mao ano</i> (94)	
	<i>tirar ao prato</i> (124)	
	<i>tirar as arañeiras</i> (148)	

## 5. Bibliografía

- AFNGudiña: RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- ALPereda: PEREDA ÁLVAREZ, José María (1953): “Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega” en *Douro Litoral*, VII-VIII da quinta serie, Porto.
- CMorrazo: CASTRO OTERO, Salvador; DURÁN PAREDES, Lucía; GONZÁLEZ BARREIRO, Xosé Manuel; HARGUINDEY BANET, Henrique; MARTÍNEZ GARCÍA, Xosé e ROCAMONDE GÓMEZ, Ramón (2005): *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Museo Massó.
- CQFC: FERRO RUIBAL, Xesús (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. A Coruña: Real Academia Galega.
- EDP: RIVAS, Paco (1992): *Expresións e ditos populares da área mindoniense*. Lugo: Deputación de Lugo.
- FBerg: DOMÍNGUEZ RIAL, Evaristo (2011): “Fraseoloxía e paremioloxía de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo e Coristanco)” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 13, 2011; 301-404
- FTrasar: GONZÁLEZ GUERRA, Anxo (2010): “Fraseoloxía e paremioloxía de Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo)” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 2010; 289-315.
- OLMorrazo: CASTRO OTERO, Salvador; DURÁN PAREDES, Lucía; GONZÁLEZ BARREIRO, Xosé Manuel; HARGUINDEY BANET, Henrique; MARTÍNEZ

- GARCÍA, Xosé e ROCAMONDE GÓMEZ, Ramón (2012): “Outros lances nos laños do Morrazo. Nova recollida de unidades fraseolóxicas” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14, 2012; 273-285.
- PCFG: VEIGA DÍAZ, Maite (1996): “Pequena contribución á fraseoloxía galega” en *Cadernos de lingua* 14, 1996; 85-100.
- RAG97: GARCÍA, Constantino / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.